



Instrución 3/2019, do 23 de abril, da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2017.

A Orde do 11 de abril de 2017 (DOG núm. 81, do 27 de abril), pola que se establecen as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e procede á súa convocatoria para o ano 2017.

O anexo II da citada orde está dedicado a regular a modalidade B destas axudas e establece no seu artigo 6 que as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida para os efectos da obtención do certificado de cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada.

Este proceso realizarase a partir da documentación que se lles requirirá, a través das universidades do SUG, ás persoas investigadoras contratadas ao abeiro da citada orde, para que presenten e sometan o seu currículo á avaliación por comités avaliadores externos.

A modalidade B destas axudas financia un contrato de dous anos de duración nunha universidade do SUG e unha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, dirixidos ao persoal doutor investigador que obtivo unha praza nunha universidade do SUG na convocatoria do ano 2013 da modalidade A do programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan I2C, que permaneceu nel ata o 1 de abril de 2017 e que acadou unha avaliación positiva e para aquelas persoas investigadoras da convocatoria de 2012 ás que por circunstancias especiais se lles concedese o aprazamento da avaliación e acadasen unha avaliación positiva.

De acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

En consecuencia, no uso das competencias que teño atribuídas como secretario xeral de Universidades, dito a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación establecida no artigo 6 do anexo II da Orde do 11 de abril de 2017 das persoas investigadoras contratadas no Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, da convocatoria de 2017, que permanecen no programa na data de publicación desta instrución.
- 2.- A avaliación levarase a cabo (baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións) por expertos de fóra do SUG, coa colaboración da Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación facilitada polas persoas interesadas e de acordo cos criterios e documentación sinalados nos puntos 4 e 5 desta instrución.
3. Neste proceso, as comisións de avaliación terán como referencia os criterios de avaliación establecidos na Resolución do 20 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se establecen os criterios de avaliación no Programa de incentiación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (BOE nº 204, do 26 de agosto), en particular aqueles sinalados no seu anexo I (criterios de avaliación relativos ao conxunto da traxectoria investigadora, sen excluír ningún ano de actividade) e anexo II (nos últimos cinco anos de actividade investigadora).





4. Requiririlles ás persoas interesadas, a través das universidades do SUG, a documentación necesaria para a avaliación do programa, na que se reflectirán os datos necesarios para avaliar o conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica. Esta documentación, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades, deberán presentala as universidades a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, por medio do procedemento PR004A. A documentación terá que enviarse antes do 1 de xullo de 2019.

Aquelas persoas que finalicen o seu contrato con posterioridade ao 1 de xullo de 2019 terán que achegar a documentación no prazo máximo de 5 días hábiles desde a súa finalización.

5. A documentación terá que abranguer os seguintes aspectos:

- 5.1.- Currículo actualizado nun modelo normalizado (formato pdf), preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>. Documentos xustificativos dos méritos alegados, xunto coas copias ou enlaces ás publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc., que se citen no CV, que se presentarán nun único documento pdf precedido dun índice. Durante calquera momento do procedemento a Secretaría Xeral de Universidades, poderán solicitar ás entidades solicitantes os comprobantes dos méritos alegados.
- 5.2.- Capacidade da persoa investigadora para liderar grupos de investigación, liñas de traballo ou de obter financiamento en convocatorias públicas competitivas das administracións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro, sinalando ademais os resultados do grupo investigador que dirixe.
- 5.3.- Patentes en explotación, destacando especialmente a extensión da protección da patente nacional, europea ou polo Tratado de cooperación de patentes (PCT).
- 5.4.- Actividade formativa da persoa avaliada, en especial a relacionada coa formación de doutores e doutoras e a dirección de teses de doutoramento.
- 5.5.- Memoria da actividade desenvolvida.
- 5.6.- Memoria descritiva da liña de investigación creada ao amparo desta axuda.
- 5.7.- Documento asinado pola persoa solicitante indicando a área pola que desexa ser avaliada.

6. Acadarase unha avaliación positiva final cando se cumpran os criterios mínimos fixados para cada unha das fases sinaladas nos anexos I e II da Resolución de 20 de xullo de 2005, referida ao conxunto da traxectoria investigadora, sen exceptuar ningún ano de actividade. No caso de que a avaliación das dúas fases sexa positiva, a Secretaría Xeral de Universidades emitirá a correspondente certificación de cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada.

As exixencias establecidas poderán ser moduladas nun determinado ámbito no que así se xustifique por proposta da comisión de avaliación, que mesmo poderá variar o número de achegas necesarias para merecer a avaliación positiva.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

